

PUBLICACIÓN RESOLUCIÓN
TABOLEIRO DE ANUNCIOS DO CONCELLO DE CARBALLO

Ponse en coñecemento dos posibles interesados que a Alcaldía/Presidencia desta Entidade Local, en data 23-10-2025, ditou a resolución con número 3075/2025 que deseguido se transcribe:

RESOLUCIÓN

APROBACIÓN DA LISTAXE DE AGARDA DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL A TEMPO PARCIAL PARA A COBERTURA TEMPORAL DE PRAZAS DE PROFESOR/A CMUS CLARINETE.

ANTECEDENTES

Primeiro.- Por Resolución da Alcaldía núm. 2779/2025, do 25/09/2025, aprobáronse as Bases reguladoras da convocatoria pública e do proceso selectivo para a elaboración dunha listaxe de agarda de persoal laboral temporal a tempo parcial para a cobertura temporal de prazas de Profesor/a CMUS Clarinete.

Publicouse anuncio da convocatoria no BOP de A Coruña núm. 186 do 30/09/2025.

Segundo.- Finalizado o proceso selectivo, en sesión celebrada o 17/10/2025, o órgano selectivo na súa acta final propón ás seguintes persoas aspirantes para a conformación da **listaxe de agarda** de persoal laboral temporal a tempo parcial para a cobertura temporal de prazas de **Profesor/a CMUS** na especialidade de **Clarinete**:

Nº	APELLIDOS	NOME	DNI	CONCURSO - OPOSICIÓN		
				C	O	TOTAL
1	BALSEIRO GREGORIO	SILVIA	***4151**	12,65	56	68,65
2	ROMERO DEMUYNCK	REBECA	***0266**	15	48	63
3	SEIJAS VIEITES	ANTÓN	***2940**	0	45	45
4	RELOVA GALLEGRO	JOSÉ LUIS	***9032**	0	42	42
5	FARIÑA MOSCOSO	IRIA	***9200**	0	40	40

Á vista do anterior, de acordo coas atribucións que confire á Alcaldía o artigo 21 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local,

RESOLVO

Primeiro.- Aprobar a creación dunha **listaxe de agarda** para a cobertura temporal de prazas de **Profesor/a CMUS Clarinete** (Grupo II), como **persoal laboral temporal a tempo parcial**, nos supostos regulados no artigo 15 do Real Decreto Legislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, segundo a proposta elevada polo Tribunal Selectivo a esta Alcaldía, incluída na acta final e de conformidade ao indicado na Base Décimoterceira da convocatoria.

Listaxe de agarda de persoal laboral temporal a tempo parcial para a cobertura temporal de prazas de Profesor/a CMUS Clarinete (Grupo II) do Concello de Carballo:

Nº	APELLIDOS	NOME	DNI
1	BALSEIRO GREGORIO	SILVIA	***4151**

Nº	APELIDOS	NOME	DNI
2	ROMERO DEMUYNCK	REBECA	***0266**
3	SEIJAS VIEITES	ANTÓN	***2940**
4	RELOVA GALLEGO	JOSÉ LUIS	***9032**
5	FARIÑA MOSCOSO	IRIA	***9200**

Segundo.- Esta listaxe de agarda de persoal laboral temporal a tempo parcial terá unha vixencia de **tres (3) anos**, a computar dende o día seguinte a súa aprobación definitiva, sen prexuízo de que se poidan realizar novas convocatorias antes da finalización da vixencia desta por necesidade de persoal. Así mesmo, a vixencia da listaxe poderá ser prorrogada por acordo da Alcaldía.

Terceiro.- A xestión desta listaxe de agarda de persoal laboral temporal será segundo ao indicado na vixente «Instrución reguladora da xestión de listaxes de agarda para o nomeamento de persoal funcionario interino e a contratación de persoal laboral temporal do Concello de Carballo».

Cuarto.- Publíquese a presente Resolución no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello e, de forma supletoria, na páxina web municipal, aos efectos de notificación e presentación de alegacións ou recursos.

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer **recurso contencioso-administrativo** ante o Xulgado Contencioso Administrativo de A Coruña, no prazo de dous meses (contados desde o día seguinte ao da publicación da listaxe no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Carballo).

Con carácter potestativo e previo, poderá interpoñer **recurso de reposición** ante o Alcalde do Concello de Carballo, no prazo dun mes (contado desde o día seguinte ao da publicación da listaxe no taboleiro de anuncios do concello de Carballo). Neste caso non se poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo ata que se resolva expresamente ou produza efectos a desestimación por silencio administrativo do recurso de reposición.

Asinado dixitalmente na data que figura ao marxe.

Alcalde

José Daniel Pérez López

Secretaria

Marina Núñez Orjales

Esta publicación serve como notificación aos posibles interesados, en cumprimento do establecido no artigo 40 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e de conformidade co establecido no artigo 194 do RD 2568/86, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

Documento asinado dixitalmente na data que figura ao marxe.

Secretaria

Marina Núñez Orjales